

Cursos 1º e 2º: “Diario de éxitos”

Instrucións para as familias

Con motivo da conmemoración do 8 de marzo: Día Internacional da Muller, estivemos traballando na aula a importancia de concienciarse na necesidade de que todos os membros da familia se impliquen nas tarefas da casa.

O obxectivo da seguinte actividade é que as nenas e nenos se responsabilicen de realizar as súas primeiras tarefas e fomentar a corresponsabilidade.



No seguinte enlace podedes descargar unhas follas que levan por nome “Diario de éxitos”.

A actividade consiste en recoller tres elementos sobre a vida cotiá do alumno ou alumna.

1º Actividades que é capaz de facer por si mesmo (por exemplo, preparar a mochila para o colexio), facer unha lista coa axuda do neno ou nena. Podedes aproveitar e cada vez que o neno intente ou consiga facer algo mellor reforzalo positivamente (aplausos, xestos afectuosos,...).

2º Lembrar cales son as persoas que forman o **círculo afectivo** do neno ou nena, tanto familiares como amigos, e que son a súa **rede de apoio**. Pódense escribir os nomes ou poñer foto ou debuxo.

3º Recompilación das **responsabilidades** que ten o neno ou nena na casa. Recoller xoguetes, poñer a mesa, etc . Tamén se pode aproveitar para suxerirle facer algunha tarefa nova e valorar o seu esforzo para afianzar a súa autoestima.

Escribir e acompañar con debuxos, recortes, fotos.

Se non podemos imprimila, podemos facer as actividades nunhas follas.

Se a imprimimos o ideal sería a dobre cara para dobrar e formar unha especie de caderno, pero insisto, o importante é o que nos aporta a actividade.

Se preferides debuxar e escribir nunhas follas, tamén sería fantástico .

Unha vez realizada, os nenos expoñerán o resultado na clase.